

Hugo e o ladrón pantasma

CARLOS VILA SEXTO

Ilustracións de Erica Salcedo





Hugo e o ladrón pantasma

rodeira

Carlos Vila Sexto

**Hugo e o ladrón
pantasma**

rodeira

Título orixinal: *Hugo y el ladrón fantasma*

© Carlos Vila Sexto, 2017

© *Ilustracións*: Erica Salcedo, 2017

Publicada de acordo con Meucci Agency – Milán

© Ed. Gal.: Rodeira

Rúa Rafael Alberti, n.º 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura infantil: Elena Valencia

Deseño da colección: Book & Look

Tradución: Belén Rodríguez Suárez

Primeira edición: setembro, 2017

ISBN: 978-84-8349-542-1

Depósito legal: B. 10787-2017

Impreso en España

Printed in Spain

EGS – Rosario, 2 – Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Para Joaquín e Antonio, que si
volveron da guerra.*

*E para Carmina e Áurea, que nunca
dubidaron de que o farían.*

Nunca é doado ser o novo. Sobre todo cando o novo é alguén coma min.

Así que cando toda a clase quedou mirando para min despois de que Jesús, o profesor, acabase de presentarme, eu xa sabía de sobra o que tiña que dicir.

—Ben sei que vos parecerei un becho raro. O que me pasa a min só lle pasa ao un por cento da xente —vin que algúns dos meus compañeiros se poñían encarnados. Outros baixaban a vista. Nin sequera Jesús sabía onde meterse—, pero tamén lles pasa a moitos animais, coma aos *huskies* siberianos ou aos dálmatas —de súpeto, todos quedaron mirando para min sen entender nada—. O caso é que teño os ollos de distinta cor desde que nacín... E antes de que o

preguntedes: non, non podo ver pelis en 3D sen lentes.

Toda a clase quedou abraiada. Jesús, a risas, sinaloume a miña mesa na última fila. Eu fun cara a ela satisfeito, mentres os meus novos compañeiros e compañeiras apartaban un pouco as súas para me deixar pasar.

O meu pupitre era máis grande e máis ancho ca os dos demais, así que me acomodei sen problema. Mentres Jesús seguía dando a clase e eu deixaba paseniño de ser o centro de atención, mirei ao meu redor. O meu sitio era xenial: ás miñas costas só estaban as perchas dos abrigos, así que tiña espazo dabondo para manobrar. Á esquerda, a ventá. As vistas non eran as da praia de Ris, pero polo menos víanse árbores. E á dereita, un rapaz que me miraba estrañado, coma se eu fose un problema de matemáticas que non sabía resolver. Era moito máis grande ca min. Non só alto; grande. Tanto, que lle deran un pupitre coma o meu.

—Mente Mestra tamén ten un ollo de cada cor... —falaba amodo, e a súa voz soaba moi grave, coma se no canto de garganta tivese un deses cornos que os viquingos empregaban para dar a voz de alarma—, pero os seus son un verde e o outro, azul.

—Mente Mestra está ben, pero non é o mellor malo dos X Men.

—Xa. A min encántame o Juggernaut. Liches o cómic onde pelexa con Thor e Os Novos Vingadores? Salvaxe —virouse cara ao profesor e, ao cabo duns segundos, fáloume de novo, sen me mirar—. Chámome Max..., coma Magneto antes de cambiar de identidade.

—Eu, Hugo.

—A túa cadeira está moi ben —e tiña razón. Nada máis comprala, meu pai cambiáralle os raios por catro aspas, coma as das rodas da cadeira do Profesor X nas películas. Max decatouse axiña—, estilo profesor Xavier.

Eu asentín coa cabeza e sorrín. «O Profesor X e Magneto», pensei. Poida que o meu

novo colexio non estivese mal, despois de todo.

Claro que daquela aínda non sabía que, unhas poucas semanas despois, estaría a piques de morrer.

É certo que teño un ollo de cada cor. O esquerdo é verde e o dereito é marrón, aínda que miña nai di que é da cor do mel, pero é que miña nai distingue moitas máis cores ca o resto dos humanos. É coma un superpoder que ten. Un deles, mira ti.

Chámase *heterocromía* e tena moi pouca xente. Xa sei que ninguén queda mirando para min por iso; non son parvo. Hainos que o fan sen se cortaren, pero a maioría faino de esguello, coma se lles dese vergoña que os pillase. Pero non me molesta. Tampouco me molestan os que me miran con cara de pena, ou os que din «pobriño» en voz baixa cando paso a carón deles. Non é culpa súa: a xente non está afeita a ver un neno nunha cadeira de rodas, máis nada. Nin eu estou afeito.

Cando chegou a hora de xantar, algúns dos meus novos compañeiros e compañeiras fóronse achegando á miña mesa para preguntarme de onde era, por que me cambiaran de colexio no medio do curso..., pero só Max se atreveu a preguntarme o que todos querían saber: que me pasara.

—Alpinismo —contestei. E empecei a contar a historia de como os meus pais e mais eu viaxamos aos Alpes e do guía que nola fixera boa levándonos pola cara perigosa do Mont Blanc.

Todos escoitaban atentos, menos unha rapaza que estaba sentada en fronte de min e na que eu xa me fixara durante a clase porque apenas erguía a vista do caderno. Tiña o pelo escuro e moi longo, e tapáballe case toda a cara; debía de ser incomodísimo para mirar aos lados. Bufaba todo o tempo mentres eu contaba a miña historia, e cando cheguei ao momento en que o guía se agarrara ao meu pé e os dous colgabamos no baleiro, puxo os ollos en branco e xirou





un pouco a súa cadeira, virándome o lombo.

Cando rematou a hora do xantar, Jesús acompañoume ao ascensor para ensinarme o resto do colexio. Nada máis abrírense as portas, unha rapaza saíu a escape cargada de papeis, e non conseguiu esquivar a Jesús. Os dous chocaron e unha nube de partituras envolveunos aos tres.

A rapaza era maior. Non maior, maior... Que era unha profesora, vaia. E era guapa. Non guapa coma nas revistas onde todo parece de mentira, senón máis normal, coma cando miña nai sorría, antes do accidente.

—Ti es Hugo, non si? —preguntoume, cun sorriso enorme. Eu asentín, divertido, e ela estendeu a man para que eu lla estreitase—. Son Carol. Benvido.

Deille as grazas e quedou mirando fixamente para min.

—Que ollos máis bonitos! —dixo, e seguiu o seu camiño.

Boto en falta o mar.
É curioso, porque xa hai cinco anos que non vivimos en Noja. Eu só tiña seis anos cando marchamos de alí, así que non debería lembrar case nada. Pero lémbroo, claro que o lembro.

Lembro os veráns, e ir cedo á praia de Ris cando baixa a marea e poder saltar entre as rochas para pescar caranguexos. Cando hai lúa chea, a auga retírase moito máis, e podes chegar case sen te mollar ao illote de San Pedro, que sempre está cheo de gaivotas. Durante un par de días, van quedando ao descuberto unha morea de rochas que sempre están mergulladas e, ás veces, atopas cousas increíbles, como o caranguexo araña que pesquei unha vez, ou un camarón que

eu pensaba que era unha gamba e que parecía feliz no caldeiro ata que se me ocorreu botarlle auga da billa.

Pero o que máis lembro desa época é a meus pais. Podían quedar deitados na toalla mentres eu pescaba, pero preferían vir comigo. De cando en vez, virábame cara a eles e víaos sorrir, mentres miraban o caldeiro onde eu metía todo o que pescaba. E víaos abrazarse pola cintura e darse bicos na boca. Agora xa non tanto.

Eles tamén botan en falta o mar, aínda que nunca o din. Nos cinco anos que pasamos en Toledo ás veces vía a miña nai mirando pola xanela do piso. Por veces penso que intentaba forzar a vista para ver as ondas de Ris, malia estaren a cincocentos quilómetros de distancia.